

PLAN DIXITAL

CPR PLURILINGÜE NOSA SRA. DO PILAR

Versión 1.0_xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CPR Plurilingüe Nosa Sra. do Pilar

Dirección: Rúa do Pilar, 27. Foz (Lugo)

Correo electrónico: cpr.senora.delpilar@edu.xunta.es colexiodopilar@colexiodopilarfoz.es

Páxina web: <https://www.colexiodopilarfoz.es/>

Etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.

Nº de alumnado: 291

Nº profesorado: 22

Nº personal no laboral: 11

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro**

O Centro aséntase nunha vila costeira, poboación maioritariamente de clase media, aínda que tamén hai alumnos procedentes de clase alta e clase baixa. O alumnado procede, ademais da propia vila de Foz, doutros pobos costeiros como Burela (aproximadamente o 30 % dos alumnos/as proceden desta poboación), Cervo, Barreiros e doutros do interior: Valadouro, Alfoz e Lourenzá. O colexio atende a unhas minorías de alumnos/as procedentes de inmigrantes, entre os que destacan os caboverdianos asentados en Burela.

A grande maioría dos alumnos vive cos seus pais, ou cun deles, e só un 3 % vive con irmáns, avós ou outros parentes. No caso de aproximadamente o 70% do alumnado ámbolos dous pais traballan fóra do fogar.

Isto supón marcadas diferenzas culturais, ademais de diversas posibilidades de medios para a educación entre o alumnado. Non existen na área de influencia problemas de marxinación acusada ou de conflito social de calquera tipo, nin características culturais diferenciadoras con respecto ó resto das poboacións da bisbarra.

Aproximadamente o 70% do alumnado provén dos núcleos urbanos das vilas, mentres que o outro 30% procede entidades rurais do entorno.

Respecto da **lingua de comunicación** do alumnado, a totalidade comprende o castelán e o 90% comprende o galego. Cos pais falan sempre galego o 55%, fálano ás veces o 25% e non o falan nunca o 20%. Coas amizades o 60% fala sempre galego, ás veces o 20% e non o fala nunca o 20%. Na clase fálao sempre o 65%, non o fala nunca o 35% e se o profesor o fala, fálao o 80%.

Un 65% dos pais falan normalmente galego, fronte a un 35% que non o usa normalmente. Un 25% dos pais usan sempre o castelán, fronte a un 85% que non o fala sempre.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,

A finalidade dun centro educativo é que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolva como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna. O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

A Programación Xeral Anual (PXA) preséntase como un documento no que se expresan todas as intencións para o desenvolvemento do labor educativo do CPR Plurilingüe Nosa Sra. do Pilar. É o documento institucional de planificación académica que se elabora ao comezo do curso para concretar as actuacións derivadas do Proxecto Educativo do Centro. Neste texto reflectiuse a planificación de todas as actividades, as actuacións e os obxectivos propostos desde os distintos ámbitos do centro. Algún dos obxetivos e actividades propostas nos obxetivos do Plan Dixital xa estaban expostos na Programación Xeral, pois o desenvolvemento das competencias dixitais do noso alumnado e do noso profesorado sempre foron aspectos a ter moi en conta e sempre presentes neste documento de planificación académica. Todo isto fai que a contribución da PD á nosa PXA sexa continua e complementaria.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O noso centro estaba moi necesitado de recoller unha serie de obxetivos e accións encamiñadas a mellorar a competencia dixital do alumnado e profesorado a través dunha serie de recursos, ferramentas e servizos que permitan a mellora do noso proceso educativo e así contribuir a que o noso centro siga a cumprir coa súa importante función formativa.

Para cumprir con esta importante labor, o Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes permítenos facer unha análise da realidade dos nosos centros e deseñar un plan de acción.

Non debemos esquecer que os centros educativos forman parte dun mundo cada vez máis dixitalizado polo que é importante o emprego da tecnoloxía nas diferentes actividades e accións tanto relacionadas co proceso de ensinanza-aprendizaxe como con cuestións organizativas e de xestión dos centros.

Con este Plan Dixital pretendemos conseguir os seguintes obxetivos:

- a) Evaluar a situación do noso centro educativo en relación co mundo das TIC's para coñecer o punto de partida e, en consecuencia, deseñar e planificar o proceso de mellora e transformación do noso centro neste aspecto vital.

- b) Poñer en valor o Plan Dixital do noso centro como recurso imprescindible para planificar a estratexia dixital máis axeitada en función do noso punto de partida.
- c) Convertir o noso colexio nun centro educativo dixitalmente competente.

Para que este proceso no que estamos inmersos sexa o máis eficaz e productivo posible é necesario que coñezamos o marco legal que vai rexir esta estratexia dixital:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O noso centro é un colexio concertado, polo que incomprensiblemente non podemos contemplar no noso organigrama o órgano denominado Equipo de Dinamización do Plan Dixital que sí aparece contemplado nos centros públicos.

En consecuencia, a elaboración deste plan recaeu na Xefatura de Estudos e na Dirección do centro coa axuda da titora de 3º EP en aspectos nos que atesoraba certa experiencia, como foi na elaboración do cuestionario SELFIE e do Test CDD, na revisión tanto do DAFO como dos obxetivos do Plan Dixital. Estas persoas foron as encargadas de recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación que marcarían o plan de traballo do noso centro neste proceso de Mellora Dixital.

Do mesmo xeito, o Equipo Directivo foi cumpridamente informado nas reunións mensuais sobre o proceso de elaboración dos diferentes apartados do noso Plan Dixital, nas que ofrecían a súa colaboración para aquelas actividades que requirían algún tipo de organización ou colaboración.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

	Nº DE ORDENADORES E TABLETAS SEGÚN AN-TIGÜIDADE					Nº ORDENADORES CO-NECTADOS A INTER-NET	
	ANTE-RIOR A 2018	2018	2019	2020	2021	REDE FÍSICA	WIFI
PUNTOS DE ACCESO WIFI	4						
IMPRESORAS A RED				1			
DIRECCIÓN, ADMI-NISTRACIÓN, SE-CRETARIA	3		3				
PROFESORES	13		1				
ALUMNOS	18	5	5	30 portátiles chromebook		48	30
TOTAL	24	5	7	30 portátiles chromebook			
TIPO DE CONEXIÓN A INTERNET (FIBRA ÓPTICA, ADSL, RDSI, CO-NEXIÓN DE DATOS MOVIL, OTRA). ESPECIFICAR:						FIBRA ÓPTICA	
¿HAI REDE WIFI INALÁMBRICA?						SI	
NÚMERO DE CAÑÖNS PARA USO DO PROFESORADO						14	
NÚMERO DE PIZARRAS DIXITAIS						13	
PÁXINA WEB DO CENTRO						https://www.colexiopilar-foz.es	
PLATAFORMA DIXITAL						CLASSROOM	
¿TRABALLAN O ALUMNADO CON DISPOSITIVOS DIXITAIS? ¿DESDE QUÉ CURSO E QUÉ TIPO?						En todos os cursos, Pcs e Chromebook	

Ademais, o noso centro forma parte da rede de colexios de Galicia que ten implantado o **Proxecto Abalar** desde o curso 2010/11. Este proxecto naceu co obxectivo de garantir a dotación e o mantemento da infraestrutura TIC en todos os centros educativos coa entrega de ultraportátiles aos alumnos/as e a dotación de aulas dixitais por medio do portátil para o profesor/a, o encerado dixital interactivo e o proxector e os armarios de carga correspondentes.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.9	3.4	NA	NA	NA
	Profesorado	3.5	3.3	NA	NA	NA
	Alumnado	-	-	NA	NA	NA
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.7	2.9	NA	NA	NA
	Profesorado	2.7	2.9	NA	NA	NA
	Alumnado	3.2	3.2	NA	NA	NA
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4	3.8	NA	NA	NA
	Profesorado	3.4	3.8	NA	NA	NA
	Alumnado	3.7	3.9	NA	NA	NA
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.8	3.4	NA	NA	NA
	Profesorado	3	3.1	NA	NA	NA
	Alumnado	-	-	NA	NA	NA
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8	3.5	NA	NA	NA
	Profesorado	3.9	3.9	NA	NA	NA
	Alumnado	-	4.4	NA	NA	NA
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.5	3	NA	NA	NA
	Profesorado	3	3	NA	NA	NA
	Alumnado	3.1	2.9	NA	NA	NA
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.4	2.7	NA	NA	NA
	Profesorado	2.7	2.8	NA	NA	NA
	Alumnado	-	3	NA	NA	NA
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.4	3.4	NA	NA	NA
	Profesorado	3.3	3.3	NA	NA	NA
	Alumnado	3.7	3.4	NA	NA	NA

2.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	21	23	91.3%
PROVISIONAL	-	-	-
INTERINO	-	-	-
SUBSTITUTO	1	--	-
DESPRAZADO	-	-	-

2.4. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,5	<u>Integrador/a B1</u>	76,4	<u>Integrador/a B1</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	81	Integrador/a B1	68,2	Integrador/a B1
EP	75.1	Integrador/a B1	77	Integrador/a B1
ESO	80.2	Integrador/a B1	79,2	Integrador/a B1
BAC	NA	NA	NA	NA
F.P	NA	NA	NA	NA

2.2. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	9	42,9%
B1	5	23,8%
B2	6	28,6%
C1	1	4,8%
C2	-	-
TOTAL	21	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Acceso a Internet para profesorado e alumnado. 2. Sistema de protección de datos actualizado e implementado. 3. Infraestructura dixital que respalda a ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 4. Existencia de dispositivos dixitais da nosa propiedade que o alumno pode empregar según as súas necesidade e que respalda a ensinanza aprendizaxe a través de tecnoloxías dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado con NEE non teñen acceso a tecnoloxías asistenciais. 2. Non se dispoñemos dunha asistencia técnica axeitada cando se presentan problemas coas tecnoloxías dixitais. 3. Os medios físicos dos que dispón o centro non facilitan a ensinanza aprendizaxe coas ensinanzas dixitais. 4. O alumnado de EP considera que non dispón de ordenadores ou tablets que poida empregar.

PERSOAL DOCENTE	1. O ED considera que o profesorado ten acceso á posibilidades de Desenvolvemento Profesional Continuo no relativo á ensinanza e aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais. 2. O profesorado do noso centro (tanto EP como ESO) busca recursos educativos dixitais en línea e en internet. 3. Emprego por parte do profesorado EP de recursos dixitais para a comunicación no noso centro.	1. O profesorado non ten a posibilidade de Desenvolvemento Profesional Continuo no relativo á ensinanza e aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais. 2. O ED considera que o noso profesorado debe mellorar na súa capacidade, emprego e deseño de recursos dixitais para reforzar o seu proceso de ensinanza.aprendizaxe. 3. O profesorado EP e ESO non emprega na aula as tecnoloxías dixitais para adaptar o su método de ensinanza ás necesidades do alumnado ou para fomentar a creatividade do alumnado e que o impliquen directamente e que faciliten a colaboración entre o alumnado. 4. O profesorado de EP e ESO non emprega as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumno, nin para facilitar unha retroalimentación axeitada, facilitando que documenten a través destas tecnoloxías a súa aprendizaxe, a reflexión sobre o mesmo ou que lles permita facer observacións constructivas sobre o traballo dos seus compañeiros.	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. Alumnado con comportamento responsable en Internet e que comproba si a información de internet é fiable e segura.	1. O alumnado de EP non debate co profesorado sobre as vantaxes e desvantaxes de empregar a tecnoloxía para a aprendizaxe. 2. O noso lumnado debe aprender a dar crédito ao traballo dos demais. 3. O alumnado de EP e ESO non emprega a tecnoloxía en diferentes asignaturas. 4. O alumnado de EP e ESO non aprende a crear contidos dixitais.
	FAMILIAS	1. As familias coñecen e usan as ferramentas corporativas. Falar do dominio.	
	OFERTA	1. O centro facilita a cad alumno, familia e profesorado conta corporativa @colexiodopilarfoz.es a través da cal teñen acceso aás diferentes aplicacións dixitais: classroom, google meet, goolge drive... 2. En determinadas materias de 2º EP e 4º Ep emprego de tables Snappet para completar a metooxía d eensinanza-aprendizaxe no entorno da clase.	1. Non dispoñemos de repositorio dixital de lecturas na nosa biblioteca.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. O ED (según profesorado EP e ESO) apoia ao profesorado para que explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. 2. Interés e eficacia do Equipo Directivo do centro á hora de involucrar ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro e o apoio por parte do ED para que explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.	1. Segundo o profesorado de EP e ESO (2,9) a falta dunha estraxia dixital definida. 2. O noso ED non se asegura de que o noso alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Interés da Administración para que todos os centros elaboren e poñan en práctica unha estatexia dixital de garantías.	1. Pouco tempo para explorar o ensino dixital debido á carga lectiva e ás poucas horas para poder ampliar coñecementos relacionados coa competencia dixital. 2. Non existe asistencia dixital por parte da consellería. 3. Non existe nin dispoñemos dunha rede de conexión a internet potente. 4. Necesidade de solicitar rede

		conexión wifi CXR008.	5. Alta carga de burocracia que condiciona o tempo para adicar ás TICs.
LEXISLACIÓN	1. A lexislación vixente permite a posibilidade de facerse con dispositivos electrónicos dixitais a través do Plan E-Dixgal e doutros proxectos corporativos.	1. Esta lexislación na que aparecen reflectidos os requisitos para a consecución de dispositivos electrónicos deben ser analizadas con detalle, pois supón a totalidade da impartición das matertias de EP e seis na ESO.	
CONTORNA		1. Emprego inadecuado por parte do alumnado dos dispositivos electrónicos propios ou corporativos influidos, principiamente, polas Redes Sociais. 2. Alumnado emigrante con familias cun nivel socioeconómico baixo.	
ANPA	1. ANPA comprometida con facilitar ao alumnado o maior número de dispositivos dixitais posibles e na mellora da súa competencia dixital.		
OUTRAS ENTIDADES	1. Proxectos da Fundación Alcoa para a mellora do equipamento dixital dos centros.		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Ver tablas

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A día de hoxe as necesidades do noso centro en canto a infraestruturas, equipamentos e servizos dixitais educativos son as seguintes:

1. Dotar ao centro dunha **conexión wifi CXR008**. Esta mellora ten como finalidade que todas as aulas e estancias do colexio poidan gozar dunha conexión a internet rápida, segura e de calidade que permitan a navegación ao mesmo tempo de, polo menos, 50 equipos informáticos conectados á rede.
2. É necesario que o alumnado de Educación Primaria dispoña de computadores portátiles (como si sucede co alumnado de Educación Secundaria) para o seu emprego na clase, sen necesidade de desprazarse á aula de informática na que soe haber outro grupo traballando. Para iso necesitaríamos dotar a este nivel educativo do centro de **30 computadores 6 MQ98EA/X360/11.6/ N4000/4/32/ CHROMEBOOK** co fin de que poidan seguir traballando a súa competencia dixital na clase e poder así incrementar o número de mestras/es que empreguen as novas tecnoloxías e que empreguen recursos dixitais para a avaliación do alumnado. (Obxectivo 3 Plan Dixital).
3. **Carro de carga V7 CHGCT36-1E** con capacidade para 40 dispositivos co fin de cargar os computadores Chromebook anteriormente mencionados.
4. Tamén sería necesarios **10 computadores portátiles/sobre mesa** para instalar nas diferentes clases de Educación Infantil, Educación Primaria e Secundaria e que serán empregados polo profesorado para impartir as súas. Estes dispositivos estarán conectados aos cañóns dixitais.
5. En canto a servizos dixitais educativos sería moi necesario unha **licenza dalgunha biblioteca virtual de calquera das editoriais** coas que traballa o centro (Edelvives, SM, Santillana...). Desta maneira, poderíamos organizar e implantar un repositorio de libros dixitais á disposición do noso alumnado. Con este equipamento pretendemos que o alumno sega adquirir coñecementos e mellora a súa capacidade etécnica lectora e comprensiva ademáis, naturalmente da función creativa e lúdica desta actividade.
6. Tamén serían necesarios **entre 10 e 15 equipos** para renovar os xa existentes na aula de informática (un total de 25) e así poder actualizar o equipamento desta aula fundamental na estratexia dixital do noso centro. Con esta renovación preténdese que o alumnado poida seguir a empregar esta aula non só para as materias de informática senon para todas aquelas materias nas que o profesorado vaian introducindo recursos ou actividades dixitais co fin de mellorar a competencia dixital do noso alumnado.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 1 (3):	Conseguir unha conexión a internet potente a través da solicitude da rede conexión wifi CXR008.				Acadado	
RESPONSABLE:	Director Pedagóxico/Xefe de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de equipos con navegación axeitada conectadas á rede wifi					
Valor de partida (3)	25					
Valor previsto e data (4)	50			Decembro 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Estudo da viabilidade e posibilidade de instalar esta conexión ou calquera doutro tipo no noso centro.	Director Pedagóxico/Xefe de estudos	Setembro 2022	Técnicos redes wifi		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitude formal a través de correo electrónico á UAC da instalación rede conexión wifi CXR008.	Director	Setembro 2022	Conta correo institucional Xunta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitude formal a través de correo electrónico dirixido a Escolas Católicas de información sobre axudas deste o outro organismo educativo para a instalación de redes wifi nos centros concertados.	Director Pedagóxico/Xefe de estudos	Setembro 2022	Conta correo institucional do colexio/Reunións con esta entidade a principio de curso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.4: Solicitud formal a ANPA do noso centro para coñecer o presuposto que esta Asociación pode facilitar de cara ao curso que ven para a instalación dunha conexión wifi CXR008.	Director Pedagógico/Xefe de estudos	Setembro 2022	Reunión ANPA do noso centro		Realizada	<input type="checkbox"/>
					Aprazada	<input type="checkbox"/>
					Pendente	<input type="checkbox"/>
AO1.5: Instalación e/ou melloras na conexión wifi no noso centro.	Director Pedagógico/Xefe de estudos	Decembro 2022	Rede wifi/técnicos instalación		Realizada	<input type="checkbox"/>
					Aprazada	<input type="checkbox"/>
					Pendente	<input type="checkbox"/>
					Aprazada	<input type="checkbox"/>
					Pendente	<input type="checkbox"/>

Área/s de mellora:		INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO					
OBXECTIVO 2: (1)		Conseguir e actualizar o material informático (ordenadores, cañóns, pizarras dixitais...) tanto da aula de informática como para os diferentes departamentos e aulas do centro.				Acadado	
Responsable:		Director/Xefe de estudos/Encargado TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)		nº de melloras acadadas no que a dotación tecnolóxica se refire					
Valor de partida: (3)		0 equipos actualizados/mellorados					
Valor previsto e data: (4)		Entre 7 e 10 equipos actualizados/mellorados			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Estudo da necesidade real de equipos informáticos e material tecnolóxico.	Encargado TICs/Director/Xefe de estudos/	Octubre 2022	Folla de control na que se detalle o material do que se dispón e aquel que sería preciso adquirir.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Revisión de cara ao próximo curso das posibles subvencións e axudas ofertadas pola administración a centros concertados para recursos e materiais dixitais e informáticos.	Encargado TICs/Director/Xefe de estudos/	Octubre 2022	Acceso a Internet e equipos físicos para a búsqueda.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Solicitud a ANPA do colexio do presuposto que podería destinar á adquisición de novos equipos.	Director/Administración	Setembro 2022	Reunión coa ANPA.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

AO1.4: Solicitud a entidades privadas como Alcoa de posibles fondos ou axudas destinadas á compra de material tecnolóxico/informático con fins educativos	Director/Administración	Primerio trimestre curso 2022/23	Páxina web empresas privadas/Reunión con representantes de empresas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Implantar o modelo BYOD (Bring your own device) en algunha das aulas do centro.	Director/Xefe de estudos/Titores	Marzo 2023	Dispositivos móbiles dos alumnos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PERSOAL DOCENTE						
Obxectivo 3 (1)	Empregar por parte do profesorado de EP e ESO as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.				Acadado	
Responsable:	Dirección/Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de profesores que empregan as novas tecnoloxías para a avaliación das habilidades do alumnado.					
Valor de partida: (3)	2 profesores					
Valor previsto e data: (4)	8 profesores			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: impartir formación neste tipo de ferramentas a nivel interno do centro.	Xefe de estudos	Decembro 2023	Aula de informática/ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: realización de cursos sobre este particular por parte do profesorado organizados por CEFORE ou outras entidades públicas ou privadas.	Dirección centro/Profesorado	Febreiro 2023	Plan de formación CEFORE 2022/23		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: determinar/seleccionar as materias que máis se prestan a este tipo de avaliación dixital.	Xefe de estudos e profesorado	Octubre 2022	Reunión Equipo Directivo e profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.4: Elaboración por parte do profesorado destas materias dos formularios relacionados cos contidos a avaliar	Profesorado	Xuño 2023	Google Forms e outras ferramentas dixitais de elaboración de recursos avaliativos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Realización por parte do alumnado destas probas avaliativas empregando as ferramentas dixitais elexidas polo profesorado.	Profesorado	Xuño 2023	Aula de informática/ordenadores portátiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:		INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO					
OBXECTIVO 4: (1)		Implantar unha biblioteca dixital no noso centro.				Acadado	
Responsable:		Xefe de estudos/Encargada Biblioteca do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)		nº de libros en formato dixital que forma o repositorio da biblioteca.					
Valor de partida: (3)		0 libros en formato dixital					
Valor previsto e data: (4)		Entre 25 e 50 libros en formato dixital			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1 Solicitar ás distintas editoriais unha licenza gratuita da plataforma de libros de lectura en formato dixital	Dirección	Xaneiro 2023	Correo electrónico para dirixirnos ás diferentes editoriais. Reunións cos representates das disitintas editoriais		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Recopilar diferentes obras literarias en PDF e outros formatos en Internet para deseñar un repositorio de libros de lectura en formato dixital	Departamento de Filoloxía	Xaneiro 2023	Internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Incorporación dos títulos do repositorio dixital de libros á base de datos e á aplicación de préstamos de libros da biblioteca.	Encargada biblioteca	Xaneiro 2023	Base de datos Access e aplicación préstamo de libros		Realizada		
					Aprazada		
					Pendenete		

AO1.4: Informar ao alumnado e ás familias do centro deste novo recurso e do seu sistema de préstamo.	Dirección do centro	Febreiro 2023	Circular ás familias/correo electrónico das familias co dominio do centro		Realizada	
---	---------------------	---------------	---	--	------------------	--

4. Avaliación do plan

A intención do noso centro e a implantación deste plan dende setembro de 2022 co inicio do novo curso. Todas as accións establecidas no Plan de Acción serán desenvoltas polos responsables das mesmas, tal e como aparece reflectido nos cadros de obxectivos deste Plan de acción tal e como se pode apreciar no punto 3.1 deste plan.

- a) A avaliación deste proceso realizarase **unha vez ao trimestre nas reunións do Equipo Directivo** nas que o Coordinador Dixital informará a este órgano do desenvolvemento e cumprimento das diferentes medidas establecidas no Plan de Acción así como a execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, das posibles modificación das accións e as propostas de mellora. Nesta reunión trimestral establecerase un punto na orde do día de nome PLAN DIXITAL e toda o anterior quedará reflectido nas actas do Equipo Directivo.
- b) A avalaición final deste proceso realizarase **unha vez ao ano** e aproveitarase para isto a última reunión do Equipo Directivo do curso e incluíranse aqueles aspectos relacioandos co logro dos obxectios e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será publicado na **Páxina web** <https://www.colexiodopilarfoz.es/> no apartado Documentación. Ademais será difundido a todo o **claustró de profesores** na reunión deste órgano docente o vindeiro 27 de xuño. Do mesmo xeito o **Consello Escolar** do noso centro serça tamén informado na súa reunión do vindeiro 30 deste mes de xuño.